

Comunicado de prensa 22 de Abril. Día da Terra

O Cambio Climático está provocado pola actividade humana, e así o afirma o último informe do Panel Intergubernamental de Cambio Climático (IPCC) de Nacións Unidas, presentado o pasado mes de Febreiro. Os impactos do cambio climático xa son evidentes e maiores que os previstos no anterior informe e, de continuar como ata agora, é probable que as temperaturas medias globais poidan subir ata 6,4°C para finais deste século, levando a máis secas, perigosas olas de calor, inundacións e furacáns máis fortes, ao desxeo de polos e glaciares, e a unha subida importante do nivel do mar.

É imprescindible reducir as emisións dos gases de efecto invernadoiro nos países industrializados un 30% para o ano 2020, e un 80% para o ano 2050, para que a temperatura global non aumente máis de 2 ° C respecto de as temperaturas preindustriais. Deste xeito poderemos evitar que se desencadeen impactos que sen dúbida terán dramáticas consecuencias ambientais, económicas e sociais. Superar esta temperatura supoñería a extinción masiva de especies, un custo económico da orde do 20% do PIB mundial, o aumento do risco de sufrir hambrunas, o risco de padecer enfermidades como a malaria, e inundacións e escaseza de auga para millóns de persoas que viven nos países máis vulnerables e empobrecidos. O 80% dos gases de efecto invernadoiro que producen o cambio climático están relacionados coa produción e o consumo de enerxía. O CO₂ é o principal responsable do cambio climático, consecuencia de queima de carbón, petróleo e gas para producir enerxía fundamentalmente nos países industrializados.

As olas de calor e as secas son cada vez máis frecuentes, con graves consecuencias para sectores importantes da nosa economía como o agrario e o turismo. Galicia supera nun 20% as emisións de CO₂ autorizadas por Medio Ambiente no Plan Anual, compre actuar xa para reverter esta tendencia.

Por todo iso, as organizacións sociais aquí representadas pedimos á Xunta de Galicia, (especialmente a aquelas consellería cujas políticas teñen máis incidencia en emisións como a de Innovación e Industria, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e a de Economía e Facenda), tamén pedimos aos Concellos, aos partidos políticos, e ás empresas, sobre todo ás grandes compañías enerxéticas, que dean á loita contra o cambio climático a prioridade que se merece.

A loita contra o cambio climático é tarefa de todas e todos. Aforrando enerxía nos nosos fogares e lugares de traballo e exercendo un consumo responsable. Esiximos ás empresas e ás administracións que afronten as súas responsabilidades promovendo as accións legislativas e regulamentarias pertinentes para conseguir entre todos este obxectivo, que sen dúbida require unha revisión do sistema enerxético.

Queremos facer unha chamada tamén ao **uso racional de transporte**. O mal uso xeralizado que se fai do automóvil na cidade supón unha das principais fontes de agresión ao medio ambiente urbano, ademais dos problemas de saturación da rede viaria. Este abuso xeralizado do automóvil está tendo repercusións directas sobre a saúde pública: accidentes de tráfico (máis de 1.2 millóns de persoas no mundo), sedentarismo, problemas respiratorios, estrés... O coche, ademais de consumir unha grande cantidade de enerxías non renovables, e ser a causa principal de contaminación atmosférica, supedita a el o espazo urbano de maneira que o 40% deste espazo está ocupado polas infraestructuras para o automóvil.

En canto a como afecta ao cambio climático, o transporte consume case a metade das enerxías fósiles, sendo o responsable do 23% das emisións de gases efecto invernadoiro en Galicia, fundamental sector xa que ano tras ano vai en aumento, incrementando a súa contribución ao cambio climático, ademais de non estar lexislado polo protocolo de Quioto. As emisións entre 1990 e 2004 aumentaron nun 30%, se o comparamos coas emisións por produción enerxético que decreceron nun 6.9% nestos mesmos 14 anos.



Comunicado de prensa 22 de Abril. Día da Terra

A **Movibilidade Sustentable**, entendida como a xestión equilibrada, social, económica e ambiental dos diversos modos de transporte e as infraestruturas necesarias para eles, é a Aposta que respaldamos os diferentes grupos ecoloxistas.

Esta opción pola Movibilidade Sustentable non é neutral, senón que se posiciona dun xeito activo polos modos de transporte non contaminantes, bicicletas e marcha a pé, e non somentes por razóns ambientais ligadas ás emisións senón porque en si mesmos, supoñen un cambio nos hábitos de vida de quen usa estes modos de transporte, progresando cara unha sociedade sostible. A opción pola movibilidade sustentable é unha Aposta polo transporte colectivo, por un transporte ao servizo das cidadás e non das empresas adjudicatarias e/ou constructoras de infraestruturas. Para asegurar isto é imprescindible unha planificación estratéxica dos transportes e unha lei da movibilidade que priorice os medios a empregar nas empresas, concellos ou comunidades.

Resumimos aquí algunhas medidas que consideramos urxentes abordar:

1. Establecer un Plan de Acción fronte ao Cambio Climático, que inclúa obxectivos sectoriales cuantificados, calendario e orzamento.
2. Adoptar obxectivos de redución de emisións de CO2 cos que contribuír a unha redución das emisións na UE do 30% en 2020 e do 80% en 2050.
3. Apoiar con firmeza todas as enerxías renovables co fin de favorecer o seu desenvolvemento, e garantir que no 2010 proceda de fontes renovables o 12% de toda a enerxía, e no 2020 alcance polo menos o 30%.
4. Fomentar medidas de eficiencia enerxética en todos os sectores para reducir o consumo total de enerxía nun 20% para o ano 2020.
5. Non autorizar a construción de novas refineries de petróleo nin prolongar as concesións ás centrais térmicas. Reducir a xeneración de electricidade por combustión de enerxías fósiles.
6. Reforma fiscal que grave ás enerxías sucias xunto cunha revisión da Planificación territorial e do PEIT (Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte), á vez que se mellora e aumenta a dispoñibilidade de transporte público. Facilitar o transporte non motorizado. Gravar o segundo vehículo con impostos. Incluir nos PXOM o concepto de proximidade e a obrigabilidade de instalar unha mínima superficie de zonas verdes por habitante nas cidades.
7. Campañas de sensibilización cidadá e educación ambiental para que cada un contribúa no seu ámbito de acción á redución de emisións.

